



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO E A ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA ASMUBAL MEAÑO PARA A EXTENSIÓN CULTURAL E APOIO AO TECIDO DEPORTIVO NO TERMO MUNICIPAL DE MEAÑO.

En Meaño a 15 de decembro de 2017

REUNIDOS

D^a M^a Lourdes Ucha Varela, con DNI nº 35314573M, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meaño, actuando en representación do Concello de Meaño,

D. José Veloso García, con DNI nº 77461512L, en calidade de Presidente da Asociación Cultural e Deportiva ASMUBAL Meaño, con CIF G36535516 e domicilio social na R/ dos Colexios – Dena.

EXPOÑEN:

A Asociación Cultural e Deportiva ASMUBAL Meaño e o Concello de Meaño coinciden no obxectivo de potenciar o tecido asociativo deportivo e na promoción e recoñecemento dos valores do deporte de equipo.

A Asociación Cultural e Deportiva ASMUBAL Meaño e o Concello de Meaño pretenden potenciar e coordinar as actuacións de promoción do deporte e fomentar a cooperación e colaboración no desenvolvemento dos proxectos deportivos coa súa divulgación e recoñecemento dos valores da práctica deportiva e as súa promoción entre os nenos e mocidade do municipio.

Para levar a cabo este Convenio, ámbalas dúas institucións,

ACORDAN:

1º A Asociación Cultural e Deportiva ASMUBAL Meaño, facilitará o acceso gratuíto aos partidos que se xoguen no pavillón municipal de Coirón – Dena.

2º A Asociación Cultural e Deportiva ASMUBAL Meaño, estará obrigada ó seguinte:

- Inserir o escudo do Concello de Meaño, coa lenda Concello de Meaño – Corazón do Salnés nas camisetas do equipo militante na división de honra prata feminina.

- Inserir o escudo do Concello de Meaño, coa lenda do Concello de Meaño – Corazón do Salnés nos seguintes soportes:
 - Unha lona publicitaria no pavillón municipal de Coirón – Dena
 - Páxina web do club
 - Cartelería dos partidos
 - Papelería utilizada polo club
 - Photocall de prensa



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Acceso gratuíto aso partidos que se xogen no pavillón municipal de Coirón Dena.

3º Establécese a cantidade total, IVE incluído, de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 341.22609 como contribución do Concello de Meaño para poder cubrir este convenio.

4º O Concello de Meaño aboará a citada cantidade, previa presentación de factura/s, a medida que a Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño xustifique, e en todo **caso antes do 26 de decembro de 2017**, a contribución con:

- a.- Fotografías da publicidade inserida no pavillón.
- b.- Fotografías da publicidade inseridas nos distintos soportes.
- c.- Documentación ou material que xustifiquen a inserción da publicidade nos distintos soportes.
- d.- Memoria explicativa do desenvolvemento da actividade do A.C.D. ASMUBAL Meaño e concretamente que afecta ao equipo militante na división de honra prata feminina (Competicións, cidades, resultados, etc...)

5º A vixencia do presente convenio remata o 31 de decembro de 2017, tendo efectos retroactivos dende agosto de 2017, inicio da tempada.

6º.- As obrigas recollidas no presente convenio de colaboración quedarán suxeitas á Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade e demais disposicións de desenvolvemento.

Para os obxectivos fixados en este convenio, asínase no lugar e data do encabezado.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo: M^{ra} Lourdes Ucha Varela

A.D.C. ASMUBAL MEAÑO

Asdo: José Veloso García